

Os temas tratados foron os seguintes:

Situación do persoal non policial na DGP: os postos vacantes van en aumento e nos concursos apenas se cubren a metade das prazas.

A CIG puxo de manifesto os principais problemas que fan que a xente non esté agusto ou non pida nun concurso un posto na policía:

- Non existe carreira profesional. Os postos con máis nivel o de grupos superiores son ocupados por persoal policial.
- Para lograr un incremento retributivo hay que facer horas extras en vez de ter un sistema de produtividade por obxectivos como teñen as Entidades Xestoras que non obriga a ter que traballar todas as tardes ou os sabados para cobrar máis.
- A día de hoxe, a igual traballo non hai igual salario pois as persoas do corpo nacional de policía que están nas unidades de expedición cobran moito máis que as de corpos xerais por facer o mesmo traballo.
- O número de vacantes cada vez é maior e non existe un plan para dotar de persoal de corpos xerais á DGP.
- Non se sacan a concurso todas as vacantes e se opta por colocar Policía nos postos de expedición.
- Por parte dalgunhas persoas do CNP se lle transmite aos corpos xerais que son a extinguir ou que están na DGP de prestado.

Acceso a internet no posto de traballo: por parte da DGP indican que en aqueles postos que precisen de internet para facer o seu traballo deben pedilo, de xeito motivado, seguindo o protocolo existente (como se fai cando se precisa para facer un curso).

Concursos: está prevista a convocatoria dun concurso específico a principios de 2025. A pretensión é de incluír ao redor de 70 postos de niveis 22 a 26.

Formación. Como ben sendo habitual a DGP leva a formación con total falta de transparencia e deixando nun segundo lugar a participación dos corpos xerais. Dende a CIG así o denunciaremos.

DNI Expres: dende a CIG puxemos de manifesto as incidencias que se están dando coa posta en funcionamento deste sistema de expedición tales como fallos do sistema ou excesiva duración da emisión de cada documento.

Cadro de persoal: a DGP informa que o estudo para a singularización de postos, de xeito que cada un dos postos estivera dentro dunha localidade e unidade concreta só se vai facer para Madrid e Barcelona . A CIG pide que esta singularización se extenda a todo o territorio.

Dni Expres: a DGP indica que saben das incidencias e que están en vías de solución. Algunhas xa se solucionaron e as outras o farán en breve.. También piden que se transmitan las incidencias a los servicios centrales para poder solucionarlas. De momento solo han recibido 12 y ya están solucionadas.

DNI RURAL. está na súa fase final e teñen 10 dispoñibles das que 6 están agora en Valencia. Irán dous policias e unha persoa de corpos xerais.